

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de setembro de 2023, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretaria a concelleira secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para instalación de elevador doméstico en edificio de vivendas de planta baixa, dúas plantas altas e baixocuberta na rúa Chantada, número 1 (exp. 2023/Y001/000102); para a demolición dun inmovible de planta baixa, 2 plantas altas e baixocuberta na rúa Chantada, número 18, (exp. 2022/Y001/000283) e para corte de vacún de leite e fosa de xurro en Mazoi (2023/Y001/000122).

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que comunica os núcleos rurais de Portanova, Fontemaior e Airexe (Santa María de Coeses)” obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación” e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2023/C002/000008.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que atravesa o núcleo rural de Cacabelos (Santo de Mazoi) obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación” e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2023/C002/000007.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7115297883943792256.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-9-2023

Tamén se acorda o procedemento de licitación convocado polo concello de Lugo para a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedoiros nos edificios e instalacións municipais, exp. ref. 2023/C013/000002.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de produtos de hixiene para as escolas infantís municipais “Serra de Outes” (lote 1) e “Gregorio Sanz” (lote 2) do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2023/C004/000028.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de mantemento, conservación e reparacións das instalacións deportivas municipais do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C003/000029.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de mantemento, conservación e reparacións dos edificios municipais do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C003/000031.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de mantemento, conservación e reparacións dos CEIP e escolas infantís municipais do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C003/000028.

**3. FACENDA LOCAL.-** Acórdase o proxecto de modificación da ordenanza fiscal xeral.

Acórdanse os proxectos de modificación das ordenanzas fiscais: número

103da taxa pola prestación de servizos urbanísticos; número 107 reguladora reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros saneamento e depuración de augas residuais; número 200, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica; número 201, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana; número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles e o número 405 prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música.

**4. PERSOAL.-** Acórdase o nomeamento como funcionaria de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de técnico/a de administración xeral (grupo de titulación: grupo a (subgrupo a1), escala: administración xeral; subescala: técnica, clase: superior).

#### ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

**5. CULTURA.-** Acórdase a subvención de carácter nominativo a: Fundación Rosalía de Castro (G15040850), para a realización da actividade: "Promoción da Casa-Museo de Rosalía e difusión e estudo da obra da autora", por importe de 3.000,00 €.

Tamén se acorda aprobar a subvención de carácter nominativo a: fundación feiras e exposicións de lugo (g27161496), para a realización da actividade: "xunenlugo 2023", por importe de 7.000 €.

Do mesmo xeito, acórdase aprobar a subvención de carácter nominativo a: Sociedad Filarmónica Lucense. (G-27.013.069), para a realización da actividade: "concertos na tempada 2023", por importe de 4.000,00 €.

#### ÁREA DE GOBERNO DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL

**6. MEDIO AMBIENTE.-** Acórdase o convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a sociedade protectora de animais e plantas de Lugo para a concesión de subvención para o financiamento parcial do proxecto de acollida e coidado dos animais abandonados, campañas de publicidade, educación

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7115297883943792256.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-9-2023

e concienciación no termo municipal de Lugo para o ano 2023.

Tamén, se acorda a aprobación da convocatoria de subvencións nominativas 2023. Asociación protectora de gatos de rúa Michos de Lugo.

### **Fóra da orde do día**

- Delegación de competencia na Tenenta de Alcaldesa e Concelleira delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua pra a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación cos procedementos administrativos de contratación relativos ás festas de San Froilán 2023.

**Asinado dixitalmente pola tenenta de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos e Concelleira Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondos.**